

O BAÑO DO DIABO

[Des Teufels Bad

Severin Fiala, Veronika Franz, 2024

Austria, 120 min., VOSE]

Lingua Alemán

Dirección e guión Severin Fiala, Veronika Franz

Fotografía Martin Gschlacht

Montaxe Michael Palm

Son Andreas Hildebrandt

Música Soap&Skin / Anja Plaschg

Elenco Nina Hoss, Uwe Boll, Serban Pavlu, Katia Pascariu

Produción Anja Plaschg, David Scheid, Maria Hofstätter

Distribución Caramel Films

Austria, século XVIII. No alto dunha colina, unha muller foi executada e exposta á vista de todos tras matar o seu bebé. No lugar vive Agnes, unha moza relixiosa e moi sensible que casa co seu amado Wolf e se prepara candidamente para a vida matrimonial. Mais axiña a súa cabeza e o seu corazón comezan a sentírense pesados e día tras día vese cada vez máis atrapada nun camiño turbio e solitario.

Oso de Prata no Festival de Berlín 2024 / Mellor Filme en Sitges 2024

MARZO

Martes 11 **CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO**

(Emmanuel Mouret, 2022

Francia, 100 min., VOSE)

Martes 18 **A LUZ QUE IMAXINAMOS**

(Payal Kapadia, 2024

India, 118 min., VOSE)

Martes 25 **LA MARSELLESA**

DE LOS BORRACHOS

(Pablo Gil Rituerto, 2024

España, 96 min., VOSE)

+ LUNS DE FILMOTECA: AGNÈS VARDA

Luns 10 **LA POINTE COURTE**

(Agnès Varda, 1955

Francia, 86 min., VOSE)

Luns 24 **SESIÓN DE CURTAS**

DU CÔTÉ DE LA CÔTE

(Agnès Varda, Francia, 1958, 25 min., VOSE)

ONCLE YANCO

(Agnès Varda, Francia, 1967, 18 min., VOSE)

ULYSSE

(Agnès Varda, Francia, 1983, 22 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



Concello
de Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA



O BAÑO DO DIABO

SEVERIN FIALA, VERONIKA FRANZ

FS #231

25.2.2025

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON **VERONIKA FRANZ E SEVERIN FIALA**

Facer un filme histórico sobre a depresión é, cando menos, inusual. Como afrontastes o reto?

SF: Se pensas nun filme de época, imaxinas un drama costumista sobre persoas ricas e célebres. Mais o noso non é en absoluto o *Napoleón* de Ridley Scott, senón un filme sobre a vida campesiña, a depresión, a soidade. Non queríamos analizar o fenómeno histórico en que se basea o filme desde fóra, coma se fose un filme educativo. Pola contra, queríamos achegarnos aos poucos á melancolía de Agnes, aos seus medos e preocupacións, para que lle resultaran tanxibles ao espectador.

Aínda que *O baño do diabo* estea ambientada a mediados do século XVIII, tamén quere contarnos algo actual?

VF: Tamén. Agnes non encaixa no seu mundo. E ese mundo non é tan diferente do actual, sobre todo no que se refire á existencia de que as persoas deben conseguir algo. A xente tiña que traballar, cumprir coas súas obrigas. Se non estaban á altura ou facían as cousas doutro xeito, iso causaba moita infelicidade e dor, e penso que ese é un tema de plena actualidade. A depresión vai en aumento, mesmo entre a xente moza, e coido que ten que ver moito coas esixencias extremas dunha suposta meritocracia. Non encaixar segue a ser un gran tabú hoxe en día.

Que foi o que desencadeou o proxecto nun primeiro intre?

SF: Demos cun podcast onde a historiadora estadounidense Kathy Stuart falaba do fenómeno do suicidio por poderes nos séculos XVII e XVIII e axiña soubemos que era unha historia que queríamos contar. Por unha banda, porque non se contara antes; e, pola outra, porque se trata de personaxes históricos que non adoitan ter voz no cinema nin nos rexistros históricos. Son mulleres de contornas moi pobres cuxas vidas só se coñecen hoxe porque cometeron crimes terribles.

VF: Despois lemos moitas transcricións antigas de interrogatorios de Austria e Alemaña que Kathy puxo á nosa disposición. E unha delas impresionounos moitísimo. O oficial interrogaba tres veces a Ewa Lizlfellner, unha moza de Alta Austria, porque estaba moi interesado en coñecer o móbil do seu crime con todo luxo de detalles. As súas respostas conmovéronnos de verdade, porque estás lendo en primeira persoa a historia dunha muller de mediados do XVIII que está a contar as súas esperanzas cotiás, os seus medos, soños, vulnerabilidades e abismos da alma. Fascinoume tamén o tema das mulleres que cometen actos de violencia, xa que segundo vellos clisés isto adoita atribuírselles aos homes.

A autenticidade que impregna o voso filme tradúcese tamén en esixencias para os vosos actores. Como os preparastes para a vida no XVIII?

VF: Pasaron a noite na casa onde rodabamos, que carecía de todas as comodidades da vida moderna, como a electricidade ou o gas. Vivían na escuridade, con frío e ruídos estraños. Ana Plaschg e Maria Hofstätter cociñaban papas na cociña...

SF: Tamén montaron elas a cociña para que lles resultase práctica. Deste xeito, non imitas a historia, senón que recoñeces unha necesidade e logo fas o mesmo que facía a xente do pasado. Por exemplo, cando Agnes mete na boca a acha prendida para poder ver na escuridade. Durante as primeiras proxeccións de proba, ás veces dicíannos que semellaba case un documental. E iso é un grande afago.

Anja Plaschg (Agnes) é o centro absoluto do filme. É un papel extremadamente esixente para unha actriz cunha gran formación. Por que escollestes a Anja?

SF: Durante anos tivemos en mente a outra grande actriz, coa que xa ensaiáramos e improvisáramos diálogos, mais ao final non puidemos traballar con ela por motivos de axenda. Logo pensamos en Anja. Pedímoslle que fixese a música do filme e impresionoulle moitísimo o guión, así que lle preguntamos se podíamos facerlle unha proba. Axiña demostrou que tiña un gran talento. Tamén achegou moitas ideas porque a personaxe de Agnes ten alma de artista. É moi musical, oe música onde outras persoas só oen sons.

Hai moitos escollos potenciais, especialmente nos filmes de época, no ámbito da imaxe e o deseño. Que foi o máis importante á hora de levardes á pantalla a historia de Agnes?

VF: No que se refire á iluminación, tomamos a decisión dramaturxica de celebrar a voda a plena luz do sol, en pleno outono dourado, por así dicilo, e que a partir dese intre se volve cada vez máis escura, sombría e brumosa.

SF: Queríamos facer un filme moi escuro en xeral, o que non é doado cando filmas en 35 mm. Non ves o que se rodou ata varios días despois, cando volve do laboratorio, polo que o risco é maior. Mais Martin Gschlacht é un profesional consumado, e tivemos a sensación de que cando lle impoñíamos tarefas imposibles era cando mellor o facía e cando conseguía algo realmente especial.

VF: Hai un famoso autorretrato de Rembrandt en que a metade do seu rostro está en sombras. Envieillo a Martin como punto de referencia. No filme hai unha escena en que Agnes está deitada na cama e Martin reproduce o cadro.